

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2019

citic

Centro de Investigación en
Tecnoloxías da Información
e as Comunicacions



citic



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



UNIÓN EUROPEA



XUNTA
DE GALICIA



galicia



Xacobeo 2021

"P.O. FEDER: Unha maneira de facer Europa"



MEMORIA DE
ACTIVIDADES 2019

Carta do director	6 - 7
Presentación	8 - 15
Gobernanza	16-23
Investigación	24-31
Formación	32-41
Atracción e retención do talento	42-45

Transferencia	46-49
Recoñecementos	50-53
Divulgación da ciencia	54-61
Comunicación	62-65
Resumo económico de Centro Singular	66-67

CARTA DO DIRECTOR

Os logros obtidos polo Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) da Universidade da Coruña desde a súa creación levárono a ser acreditado en 2016 pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como Centro Singular de Investigación de Galicia para o período 2016-2019. Esta condición permitiu que o centro experimentase unha evolución e unha transformación que afectou á súa proxección interna e externa. Así, foi quen de redefinirse tanto a nivel organizativo como a nivel científico deseñando unha nova estratexia con obxectivos concretos. Estes últimos anos serviron para establecer accións de mellora da proxección investigadora do centro, que permitiron incrementar a procura de oportunidades na captación de recursos competitivos (nacionais e internacionais), fomentar alianzas con outros centros de investigación, captar talento e, en resumo, promover a excelencia na investigación en liñas prioritarias para o centro. No que se refire á súa proxección externa, o impacto máis salientable orientouse á sociedade en xeral, converténdonos nun axente necesario no eido das TIC na nosa contorna, favorecendo relacións estables con centros tecnolóxicos no ámbito da intelixencia artificial, colaboracións con diferentes clústeres autonómicos

para a integración das TIC en diferentes sectores económicos, o posicionamento en retos sociais como a industria 4.0, cidades intelixentes, enerxía e saúde, e o fomento de actividades de divulgación especialmente enfocadas a espertar vocacións científicas.

A través deste documento, o CITIC presenta a memoria de actividades da entidade correspondentes a 2019 que á súa vez pretende ser un exemplo das accións levadas a cabo durante estes últimos anos.

Son moitos os obxectivos que o noso centro afronta cara ao novo período 2019-2022, entre eles o de se converter no referente do polo de innovación de IA autonómico, a proxección da internacionalización, sentar as bases para un centro de excelencia nacional e unha referencia de cara á atracción de talento, pero entendemos que nos atopamos no camiño axeitado para conseguilo.

Manuel F. González Penedo
Director do CITIC

PRESENTACIÓN



O Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (CITIC) é un centro de investigación da Universidade da Coruña creado para potenciar o avance e a excelencia na I+D+i das TIC, a innovación en novos produtos e servizos, e o fomento da transferencia tecnolóxica e do coñecemento ao sector produtivo, mediante a creación dun contorno mixto que propicie a colaboración universidade-empresa e coa sociedade en xeral.

No ano 2016, o CITIC recibe o distintivo de Centro Singular de Investigación de Galicia 2016-2019. É o único centro TIC de Galicia recoñecido con este distintivo, co financiado pola Xunta de Galicia e pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

MISIÓN

O CITIC é un centro de investigación en tecnoloxías da información e as comunicacións creado para achegar coñecemento científico e capacidades altamente cualificadas en beneficio da sociedade.

VISIÓN

O CITIC quere ser un centro de investigación TIC de referencia nacional e con proxección internacional, recoñecido pola excelencia no coñecemento xerado no ámbito das TIC e a transferencia efectiva de resultados á sociedade.

VALORES

O CITIC ten como valores a integridade profesional, o compromiso para xerar ciencia de fronteira, a proactividade para colaborar coa industria, o liderado rexional e o compromiso institucional coa sociedade.

INSTRUMENTOS DE APOIO

Sociedade Xestora do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicacóns, S.L. (S.X.CITIC)

É un medio propio instrumental e de servizo técnico da UDC e das súas entidades instrumentais, sen prexuízo das encomendas que lle poidan efectuar outras administración. Este medio posibilita ao CITIC unha maior axilidade de resposta administrativa necesaria na interacción coas empresas e axentes sociais de fóra da Administración.

Fundación Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacóns de Galicia (FCITICG)

É unha entidade sen ánimo de lucro e de dereito privado cuxa finalidade é a de

contribuír ao fortalecemento e á mellora da competitividade do sector das TIC de Galicia mediante o fomento da excelencia na investigación e a transferencia de tecnoloxía, así como a produción, promoción, asesoramento e divulgación de coñecemento no campo das TIC e a formación de persoal experto na área.

O padroado é o órgano de goberno, representación e administración da FCITICG, segundo o establecido nos seus estatutos. Está integrado pola UDC, o Concello da Coruña, once empresas do sector TIC que operan en Galicia, así como polos colexios profesionais de enxeñeiros de informática e o Clúster TIC de Galicia, que agrupa a maior parte das empresas TIC de Galicia.





INDICADORES 2019

O CITIC foi consolidándose ano a ano, tras a súa creación, como un centro de referencia, que o sitúa á vangarda da investigación e a transferencia do coñecemento, postos ao servizo da sociedade e do desenvolvemento económico no eido das TIC.

No seguinte cadro amósanse algúns dos principais indicadores da súa estrutura e actividade durante o ano 2019:

109 Investigadores/as permanentes	44 Investigadores/as posdoctorales	65 Investigadores/as en formación	24 Tecnólogos/as
17 Teses lidas	142 Artigos JCR	81 Artigos Q1	22 Artigos D1
4.319.907,97€ Recursos xestionados	10 Proxectos europeos activos	25 Proxectos nacionais activos	13 Proxectos autonómicos activos
28 Contratos de I+D+i	1 Patente concedida	30 Rexistros de sóftware	1 ERC Starting Grant



GOBERNANZA



citic



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Desde finais do ano 2018 e durante todo o 2019 desenvolvéronse importantes avances na estruturación e xestión do CITIC. Todo isto foi posible grazas ao desenvolvemento dun novo marco normativo, o cal supuxo un cambio na política de adscrición do centro. Por outra banda, o establecemento dunha nova axenda estratéxica facilitou a definición, con base nas capacidades científicas dos investigadores do CITIC e nas tendencias en materia de políticas de I+D+i europeas e nacionais, de cinco áreas de investigación principais que reflicten as capacidades do CITIC.

NOVO REGULAMENTO DO CITIC

En abril de 2019, aprobouse unha nova versión do Regulamento do CITIC da Universidade da Coruña, que substituíu o aprobado polo Consello de Goberno en 2018. Desta maneira, desenvolvéronse as normativas internas do CITIC que estableceron unha nova política de adscrición e consolidaron o funcionamento dos comités.

Logo da constitución, en novembro de 2018, do Comité Asesor Externo (SAB), procedeuse á segunda reunión do comité coa correspondente renovación de membros o 12 de xuño de 2019. Neste período o SAB realizou unha avaliación da actividade do centro.

A finais de ano levouse a cabo a constitución do novo Comité de Dirección e a proposta do novo Comité Científico do CITIC.

Esto permite
Normativas internas CITIC



Comité asesor externo
21 decembro 2018



Política de adscrición
21 decembro 2018



Reestructuración órgano colexiado
e comisións delegadas: Comité
de dirección e Comité científico
18 outubro 2019

ÁREAS CIENTÍFICAS DO CITIC

A definición dunha nova axenda estratéxica conseguiu definir novas áreas de investigación con prioridades científicas asociadas que pretenden xuntar as fortalezas da investigación do centro e avanzar cara a mellora da investigación e do posicionamento do centro como un referente nacional e internacional.

Así, durante a anualidade 2019, establecéronse catro áreas de investigación principais: Intelixencia Artificial, Ciencia e Enxeñería de Datos, Computación de Altas Prestacións e Servizos e Redes Intelixentes, e unha área de investigación transversal a todas elas, que é a Ciberseguridade.

Novas áreas científicas e prioridades asociadas:

INTELIXENCIA
ARTIFICIAL

APRENDIZAXE MÁQUINA
VISIÓN ARTIFICIAL
PROCESADO DE LINGUAXE NATURAL
ROBÓTICA
REPRESENTACIÓN DO COÑECEMENTO E RAZOAMENTO

CIENCIA E
ENXEÑERÍA
DE DATOS

BIG DATA
RECUPERACIÓN DE INFORMACIÓN
SISTEMAS DE INFORMACIÓN
ANÁLISE DE DATOS
SIMULACIÓN E OPTIMIZACIÓN

COMPUTACIÓN
DE ALTAS
PRESTACIÓNS

SOFTWARE HPC
INFRAESTRUTURAS BIG DATA
COMPUTACIÓN NA NUBE

SERVIZOS
E REDES
INTELIXENTES

COMUNICACIÓNS INALÁMBRICAS 5G
CONECTIVIDADE DOS OBXECTOS (INTERNET DAS COUSAS)
COMUNICACIÓNS VEHICULARES E SISTEMAS DE TRANSPORTE INTELIXENTE

CIBERSEGURIDADE

NOVO MECANISMO DE ADSCRICIÓN AO CITIC

No Comité de Dirección do 21 de decembro de 2018 aprobouse a “normativa interna de adscripción ao CITIC” co obxectivo de comezar a implantar un novo mecanismo de adscripción individual onde é o/a investigador/a quen se adscribe ao centro e non todo o grupo de investigación de catálogo da UDC, como sucedía ata daquela. Desta forma, definíronse segundo a categoría profesional do/a investigador/a os seguintes tipos de pertenza ao CITIC: permanente, non permanente, investigadores en formación, tecnólogos/as e investigadores/as colaboradores/as.

Tras as convocatorias de adscripción levadas a cabo en 2019, na actualidade conforman o CITIC:



O cambio no sistema de adscripción do CITIC implica que os criterios de elección dos membros dos órganos colexiados e comisións delegadas do centro tamén deben ser modificados, polo que se definiu unha nova normativa interna que establece os procedementos que cómpre seguir para a renovación dos investigadores permanentes que forman parte do Comité de Dirección e do Comité Científico, a “normativa interna de elección de membros dos órganos colexiados e comisións delegadas do centro” .


MEMORIAS E PAPEIS DOS COMITÉS


No primeiro semestre de 2019 entregouse a memoria xustificativa da axuda de Centro Singular do período 2016-2019 para a avaliación de centro e contra finais de ano a memoria da anualidade 2019. En outubro, ademais, presentouse unha nova solicitude das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), coa que se pretende manter as iniciativas levadas a cabo polo centro nos últimos anos encamiñadas a conseguir a excelencia científica.

A redacción destas memorias supuxo unha reflexión profunda do funcionamento, fitos alcanzados e obxectivos futuros do centro na que tiveron un papel relevante as achegas do Comité de Dirección e o Comité Científico e o Comité Externo (SAB), todos eles reunidos durante o ano 2019.

ORGANIGRAMA DO CITIC

O actual modelo de organización do CITIC baséase nos contidos do plan estratéxico, é resultado dunha análise comparativa con outros centros de investigación similares e ten en conta as novas áreas científicas do centro:






INVESTIGACIÓN



O CITIC, como centro de referencia científica no eido das tecnoloxías da información e as comunicacións da Universidade da Coruña, canaliza e fomenta o I+D+i do persoal investigador adscrito ao centro e dá soporte ás actividades en I+D+i no seu ámbito de actuación. Na procura do seu posicionamento e a internacionalización como centro de investigación, fomenta a creación de novas alianzas e colaboracións e procura a captación de recursos de I+D+i a través de convocatorias de concorrencia competitiva.

Durante a anualidade 2019, cabe sinalar a progresión de crecemento na porcentaxe de artigos do primeiro quartil e do primeiro decil, amosando o compromiso do centro pola calidade das publicacións e da excelencia na investigación.



A produción científica desenvolvida durante o ano 2019 é un dos principais parámetros indicativos da calidade da investigación levada a cabo no centro:

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA	2019
Número de artigos JCR	142
Número de libros, monografías e capítulos de libros	24
Número de teses de doutoramento defendidas	17
Número de contribucións a congresos	240
Participación na organización de congresos	36


PROXECTOS DE I+D+I NACIONAIS E AUTONÓMICOS 2019	Nº	Importe xestionado en 2019
Nacional	25	664.112,97 €
Autonómico	13	1.451.484,00 €
TOTAL	38	1.563.456,49 €

NÚMERO DE PROXECTOS E VOLUME DE RECURSOS CAPTADOS EN PROXECTOS ESTATAIS	Nº	2019
	6	554.037,00 €

PROXECCIÓN INTERNACIONAL

A política de internacionalización do CITIC, tal e como reflicte o vixente plan estratéxico, fundaméntase en dous eixos principais que a medio prazo pretenden posicionar o centro como un referente na investigación e transferencia en intelixencia artificial, ciencia de datos, redes e servizos intelixentes, computación de altas prestacións ou ciberseguridade. Por unha banda, a aposta na participación en proxectos do programa Horizonte 2020 e, por outra, a signatura de acordos de colaboración e/ou convenios marco, as estadías de investigación e a participación en programas específicos de formación, así como a participación en foros internacionais de carácter científico, político ou de xestión, pretenden avanzar na política de internacionalización do centro.

EVOLUCIÓN DO CITIC NO PROGRAMA HORIZONTE 2020
H2020 solicitados/ano



Tasa de éxito: 15%

A seguinte táboa reflicte o histórico do actual programa marco da Comisión Europea, (Horizonte 2020):

H2020 PERÍODO		2014-2017	2014-2019
Participación en propostas	Presentadas (nº total)	34	60
	Coordinados (nº total)	16	25
Proxectos financiados	Concedidos (nº total)	4	9
	Coordinados (nº total)	2	3
Taxa de éxito	Financiadas/presentadas	11,8%	15%
Retorno económico	CITIC	2.819.087,00 €	3.479.744,76 €
	Galicia	67.100.000,00 €	

Actividade investigadora e produción científica no programa H2020 no ano 2019:

INDICADORES	2019	
	Nº	€
2.1 Proxectos	5	535.542,84 €
2.1.1 H2020 coordinación	2	360.474,40 €
2.1.2 H2020 participación	3	175.068,44 €

PARTICIPACIÓN EN CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS

PROGRAMA	Nº	IMPORTE
H2020	5	535.542,84 €
Outras (Cost Actions, HIPEAC Network as associated)	5	96.524,25 €
	10	632.067,09 €


PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS E ASOCIACIÓNS

A adhesión do CITIC a asociacións e plataformas tecnolóxicas europeas axuda a afianzar o seu posicionamento internacional.

Durante este ano participou como socio nas seguintes:



MEMORIA DE
ACTIVIDADES
2019



FORMACIÓN



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FORMACIÓN UNIVERSITARIA

Cabe sinalar que na actualidade, todos os mestrados e programas de doutoramento vinculados á Facultade de Informática están dirixidos por investigadores líderes do CITIC. Desta maneira, a través dunha formación universitaria sólida, contribúese á retención e consolidación do talento investigador.

6

Coordinación de programas de doutoramento da UDC

6

Coordinación de mestrados

4

Graos vinculados á actividade do CITIC

17

Número de teses lidas en 2019

Graos

- Enxeñaría Informática
- Ciencia e Enxeñaría de Datos
- Información e Documentación
- Creación Dixital, Animación e Videoxogos

Mestrados dirixidos por investigadores do CITIC

- Bioinformática para Ciencias da Saúde
- Ciberseguridade
- Computación de Altas Prestacións (HPC)
- Enxeñaría Informática
- Matemáticas Industrial
- Técnicas Estatísticas

Programas de doutoramento coordinados por investigadores do CITIC

- Computación
- Estatística e Investigación Operativa
- Investigación en Tecnoloxías da Información
- Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
- Tecnoloxías da Información e das Comunicacions en Redes Móviles
- Tecnoloxías da información e as Comunicacions



ESTADÍAS E VISITAS

Durante este período leváronse a cabo diversas accións destinadas a enriquecer a formación dos nosos investigadores e propiciar a súa internacionalización. Da mesma maneira, tamén se acolleron as visitas de persoal investigador estranxeiro, o cal resulta crucial para o establecemento e mantemento de contactos con outros centros académicos ou de investigación internacionais.

10

Estadías de investigación

9

Persoal investigador visitante

(Datos ata xuño de 2019)

ACCIONES FORMATIVAS COMPLEMENTARIAS

Nesta anualidade, no CITIC desenvolvéronse diversas acción formativas encamiñadas a ampliar a formación máis formal levada a cabo en vinculación directa coa UDC. Así, por exemplo, durante o ano 2019 organizáronse diferentes workshops, como o *IV Machine Learning Workshop Galicia*, xornadas divulgativas en distintas temáticas, tales como a *Xornada en Novas Ferramentas da Industria 4.0*, a *Xornada sobre H2020 e Horizon Europeo* ou a xornada *A protección do software. Dereitos de autor e patentes*. Participouse tamén activamente como colaborador en talleres formativos caso do taller práctico *Interfaces Cerebro Ordenador Intracorticais* e en conferencias de diversa temática, como foi a de *Ciberseguridade en Europa*.

Entre os eventos formativos organizados, polo seu carácter internacional, destacou a celebración do 3rd International Workshop on 5G communications (IW5GC2019), organizado conxuntamente entre a Tongji University e o CITIC da Universidade da Coruña co obxectivo de promover intercambios académicos entre graduados de universidades de China e España e poñer en común os avances da investigación actual no modelado de canais para comunicacións de quinta xeración.



Conferencia plenaria de Luís Castedo Ribas no IW5GC2019



Peche das sesión do workshop e entrega de diplomas na Reitoría da UDC

FORMACIÓN SINGULAR CITIC

O Congreso XoveTIC, organizado polo CITIC e destinado a mozos investigadores (predoutorais e posdoutorais) de universidades galegas e do norte de Portugal no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) xurdiu hai dous anos co obxectivo de construír un espazo de encontro para o debate científico de novos investigadores e contribuír así á súa formación. Coa celebración da súa segunda edición no ano 2019, consolidouse como un evento singular do noso centro que acada cifras de participación moi elevadas e propicia sinerxías entre investigadores, contribuíndo en conxunto, á promoción do centro a nivel rexional, nacional e internacional.

Como novidade nesta edición, o Congreso XoveTIC estivo integrado na 27ª Conferencia Europea de Procesamento de Sinais, EUSIPCO 2019, que contou con relatores, investigadores e persoeiros pertencentes ao ámbito da industria de relevancia internacional.



Apertura a cargo do reitor da UDC e o director do CITIC



Sesión de comunicacións orais



Premiados no Congreso XoveTIC



Entrega de premios

ATRACCIÓN E RETENCIÓN DO TALENTO



citic



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



A atracción e retención do talento investigador resultan decisivas para que o CITIC acade elevados niveis de recoñecemento e impacto na súa actividade.

A participación en programas nacionais como “Ramón y Cajal” e “Juan de la Cierva”, amais de nas accións Marie Skłodowska-Curie a nivel europeo, amosan a énfase posta polo centro na captación de talento. Do mesmo modo, o incremento na captación de estudantes de doutoramento ofrecendo contratos de investigadores en formación, con criterios de selección baseados en contratos competitivos como as FPI/FPU e bolsas predoutorais da Xunta de Galicia, está enfocado a manter e potenciar o noso compromiso coa retención do talento.


CONVOCATORIA COMPETITIVA	NÚMERO	CAPTADO 2019
RAMÓN Y CAJAL	1	6.250,00 €
POSDOUTORAIS XUNTA	1	38.000,00 €
PREDOUTORAIS XUNTA	12	282.000,00 €
FPU/FPI	11	245.300,00 €
JUAN CIERVA (JdC) FORMACIÓN	2	50.000,00 €
MCSA Early Stage Researcher (ESR)	2	100.000,00 €
Beatriz Galindo	1	45.000 €
TOTAL	30	615.300,00 €



O CITIC alíña as súas políticas de recursos humanos coa estratexia HRS4R (Human Resources Strategy for Researchers), recoñecemento obtido pola UDC en xuño de 2017.

Na actualidade estase a coordinar unha MSCA COFUND InTalent con Inditex e estamos asociados en MSCA COFUND con Navantia.

CONTRATO CON CARGO A PROXECTO	NÚMERO	CAPTADO 2019
Investigadores posdoutorais	18	585.000 €
Investigadores predoutorais	38	847.400 €
TOTAL	56	1.432.400 €





TRANSFERENCIA



citic




UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A intensa actividade en materia de transferencia de tecnoloxía do CITIC é unha das singularidades do centro. O seu acercamento ao sector industrial, ademais de proporcionar un valor engadido, permitiu a obtención de 16 novos contratos de I+D+i (art. 83 da LOU) durante o ano 2019. Neste período mantivéronse activos un total de 28 contratos cuxo importe total dos fondos captados en transferencia é de 533.758,08 €.

CARTEIRA DE OPERACIÓNS	2019
Nº de contratos I+D+i activos (Art. 83 LOU)	28
Nº de contratos I+D+i (Art. 83 LOU) asinados no 2019	16
Importe dos fondos captados en transferencia da I+D+i	533.758,08 €

Orixes dos contratos activos en 2019



PRODUCCIÓN TECNOLÓXICA

A irrupción das novas tecnoloxías nos mercados tradicionais supón un cambio substancial, onde o sóftware se configura como o activo de numerosos negocios dixitais. Por outra banda, a protección dos coñecementos xurdidos da investigación é cada vez máis valorada na carreira investigadora (resultados transferibles ás empresas, sexenios de investigación etc.), o cal pon de manifesto a necesidade de seguir apostando polo coñecemento e a participación neste ámbito.

PRODUCCIÓN TECNOLÓXICA	2019
Rexistros de sóftware solicitados	4
Rexistros de sóftware en explotación	12

RECOÑECEMENTOS



A calidade da actividade dos nosos investigadores veuse recoñecida ao longo do ano 2019 a través da obtención de premios que puxeron en valor, entre outros, a relevancia da súa carreira investigadora e a importancia da súa produción científica.

Premios (información actualizada ata xuño de 2019):

2

Premios á carreira investigadora

4

Premios á produción científica

1

Premio a proxectos de I+D+i e divulgación científica

RECOÑECEMENTOS NO 2019

Neste ano obtivéronse numerosos premios por parte dos nosos investigadores, sendo destacado o Premio Nacional de Informática_ Premio Ángela Ruíz Robles otorgado pola Sociedad Científica Informática de España (SCIE) e a Fundación BBVA a Nieves Brisaboa, polos seus traballos de investigación e innovación relacionados coa xestión de datos, así como polas súas iniciativas nos campos da transferencia de coñecemento en relación con empresas e institucións públicas. Tamén é destacable o premio TIC Galicia 2019 do Clúster TIC Galicia para Amparo Alonso pola súa brillante traxectoria profesional e pola súa loita contra a fenda de xénero no sector TIC.




Nieves Brisaboa recibindo o Premio Nacional de Informática



Amparo Alonso, premiada polo Clúster TIC Galicia

Tamén se recibiron premios valorando o traballo dos investigadores máis novos:



Elmurod Kuriyozov, Best Student Work Award no 9th Language and Technology Conference-LTC 2019



Premio Proxecto Fin de Máster do CPEIG a Óscar Blanco



O libro de Vicente Moret “Adventures in Computer Science” seleccionado entre os 12 mellores sobre computación cuántica a nivel mundial por Book Authority



DIVULGACIÓN DA CIENCIA



Foron numerosas as accións de divulgación e promoción levadas a cabo coa finalidade de dar visibilidade ás capacidades do centro e achegar a actividade desenvolvida á sociedade en xeral, aliñándonos desta maneira coa investigación e innovación responsable (RRI).

10

Organización de eventos

6

Accións de divulgación científica

ACCIÓNs DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

Foron moitas as actuacións desenvolvidas en materia de divulgación científica coa finalidade de proxectar a actividade do CITIC á sociedade, de entre elas, as máis destacables foron:

- a organización de visitas ao CITIC para dar a coñecer a actividade investigadora desenvolvida no centro (Institutos, universidades...).
- a promoción da publicación de artigos divulgativos de investigadores do CITIC en medios de comunicación nacionais.

- accións con mozos con discapacidade da ONG Aspronaga, en concreto, realizouse unha proba piloto para avaliar a experiencia que transmite un entorno de realidade virtual para persoas con diversidade funcional.
- a participación no evento “Informática para Tod@s”, acción que tivo como obxectivo promover o papel da muller no ámbito da tecnoloxía. Celebráronse charlas, paneis de discusión e feira de emprego.
- a organización do evento Oracle4Girls, con talleres de robótica nos que participaron 100 nenas coruñesas. Tamén se impartiron charlas para pais sobre a relación dos nenos coa tecnoloxía.
- a exposición na sede do Parlamento en Bruxelas sobre a Misión Espacial Gaia, na que participan dous investigadores do CITIC dentro do Grupo Gaia de Galicia.



Accións de ciencia cidadá con persoas con diversidade funcional



Grupo de nenas participantes en “Oracle4Girls”

- a organización de charlas divulgativas sobre ciencia impartidas polo investigador do CITIC Vicente Moret no Centro Social de Rutis (Culleredo).
- a participación en conferencias de divulgación da ciencia, como foi o caso de Susana Ladra coa Conferencia “Big data e xenómica: o bo, o feo e o malo” no evento naukas Coruña 2019, organizado polos Museos Científicos Coruñeses, a plataforma web Naukas e o Campus InnoVa da UDC.

E co o fin de trasladar á sociedade a importancia da investigación que se realiza nas institucións académicas de ensino superior, participación no Campus Vivo, Investigar en la Universidad, 3ª edición. Realizada por CRUE Universidades Españolas e o Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía Adriana Dapena, coordinadora do proxecto, ademais doutros membros do CITIC: Paula M. Castro e Francisco J. Vázquez Araujo.



Charlas divulgativas sobre ciencia no centro social Rutis



Exposición no Parlamento Europeo en Bruxelas sobre a Misión Espacial Gaia



Visita dos alumnos e alumnas do IES O Mosteirón de Sada

Relacionado coa divulgación científica cara ao conxunto da sociedade, tamén se destaca a promoción por parte do CITIC, da sinatura, durante o ano 2019, dun convenio de colaboración entre a UDC e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para a posta en marcha de proxectos conxuntos de avaliación e desenvolvemento das TIC aplicadas ao ámbito da discapacidade e accesibilidade. Prevese que este acordo sente a base de proxectos conxuntos que teñan un impacto directo na vida das persoas.

Da mesma maneira, nesta anualidade mantivéronse contactos con outras entidades sociais e espérase o próximo desenvolvemento doutros convenios de participación cidadá coa asociación Aspronaga, a confederación ASPACE e Domus Vi.



Sinatura do convenio entre UDC e COGAMI promovido polo CITIC

citic

OUTREACH 2019



Accións

- 15** visitas guiadas ao CITIC; 287 visitantes
- 12** artigos divulgativos publicados
- 8** accións de ciencia cidadana en tecnoloxía inclusiva
- 5** eventos divulgativos
- 2** exposicións en museos
- 5** ciclos de charlas divulgativas

MEMORIA DE
ACTIVIDADES
2019

COMUNICACIÓN



 UNIVERSIDADE DA CORUÑA


O CITIC elabora cada ano un plan de comunicación específico, que define a estratexia de comunicación, os obxectivos tanto estratéxicos como tácticos, o plan de acción e a planificación de contidos durante todo o ano. Alén diso, cada mes realízase un informe de medición e análise das accións levadas a cabo, que recolle o grao de cumprimento dos diferentes obxectivos e os resultados cualitativos e cuantitativos obtidos.

Estes resultados supoñen un maior alcance da actividade do CITIC, que incrementa, así a súa visibilidade cara aos públicos obxectivos e a sociedade en xeral, e mellora o seu posicionamento e recoñecemento.



PÁXINA WEB DO CITIC


Durante este ano, ademais de se realizaren melloras estéticas da web, deseñouse e implementouse unha área específica para o portal de transparencia, na que se fai alusión á estrutura organizativa do centro, persoal, información económica, contratación pública e cumprimento normativo. Este portal alíñase co de transparencia da Universidade da Coruña(UDC) e dá cumprimento á Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e máis a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia.




RESUMO ECONÓMICO DE CENTRO SINGULAR

Dado que a axuda de Centro Singular finalizou en novembro de 2019, a seguir amósase a modo de resumo, a distribución dos gastos realizados polo centro, tanto neste último ano como no total do período da axuda (2016-2019).

2019



2016-19



MEMORIA DE
ACTIVIDADES
2019



citic

Centro de Investigación en
Tecnoloxías da Información
e as Comunicacóns



citic



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Galicia



Xacobeo 2021

"P.O. FEDER: Unha maneira de facer Europa"